

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 02-15 Pág. 1 de 5	SISTEMA ANTICAÍDAS

CARACTERÍSTICAS XERAIS

Un sistema anticaídas é o equipo individual de protección cuxa finalidade é soste e/ou frear o corpo do usuario en determinados traballos ou operacións con risco de caída, evitando os perigos derivados das mesmas.

Debe conseguirse que a distancia vertical recorrida polo corpo a consecuencia da caída sexa a mínima posible, a continuación debe producirse o freado da caída nas condicións menos prexudiciais para o traballador e, finalmente, debe garantirse o seu mantemento en suspensión e sen dano ata a chegada do auxilio.

De forma xeral, pode dicirse que un sistema anticaídas está formado por un dispositivo de presión do corpo e un subsistema de conexión.

Se clasifican en:

Cinto de suxeición: utilizado para soste ao usuario a un punto de ancoraxe anulando a posibilidade de caída libre. Debe ser usado naqueles traballos nos que o usuario non necesita desprazarse.

Cinto de suspensión: se usa para suspender ao traballador dende un ou máis puntos de ancoraxe. É apropiado naquelas labores nas que só existan esforzos estáticos tales como traballos nos que o usuario estea suspendido polo cinto, elevación e descenso de persoas, etc.

Cinto de caída (ARNÉS): Utilízase para frear e deter a caída libre dun individuo, de forma que ao final, a enerxía que se alcance se absorba en gran parte polos elementos integrantes do cinto. Aplícase naqueles traballos que requiran desprazamento do traballador con posibilidade de caída libre.

De que protexe?

O cinto de seguridade actúa fronte ao risco de caída de altura.

De que non protexe?

Non son eficaces nos traballos realizados en zonas con risco de contacto coa corrente eléctrica podendo aumentar a probabilidade de contacto no caso de que se utilicen, debido á abundancia de pezas metálicas.

Un **ANCORAXE CERTIFICADO** garante que cumpre cos criterios de fabricación e ensaio da normativa aplicable.



Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 02-15 Páx. 2 de 5	SISTEMA ANTICAÍDAS

TIPOS DE ARNESES

O primeiro que define ao arnés son as argolas que ten. Hai arneses dunha argola, de dúas, de catro e de cinco argolas.



Arnés dun punto anticaídas “A” con unha única argola nas costas: (detención de caídas) É para deter caídas exclusivamente e manter o corpo do traballador en posición erguida. Debe ser usado naqueles traballos consistentes en camiñar sobre superficies, estruturas ou plataformas coa existencia de risco de caída a distinto nivel. O traballador ao caer queda mirando cara abaixo. Recomendado para traballos en **espazos confinados**.



Arnés con dous puntos anticaídas “A” en peito e costas: (detención de caídas) É para deter caídas exclusivamente e manter o corpo do traballador en posición erguida. É apropiado naqueles traballos consistentes en camiñar sobre superficies, estruturas ou plataformas e tamén para progresar por estruturas. O traballador ao caer queda mirando cara arriba. Recomendado para **traballos en espazos confinados**.



Arnés de dous puntos anticaídas “A” en peito e costas e cinto con argolas de posición: (suxeición e posición) Reúne as características dos arneses anteriores incorporando ademais un cinto con dúas argolas laterais para **posición**. A finalidade do cinto é repartir parte do peso do traballador á cintura, para que este poida soltar as mans da estrutura e poder realizar a súa actividade con certo confort. A máis de 2 metros é necesaria a utilización simultánea dun dispositivo anticaídas.




Arnés de dous puntos anticaídas “A” en peito e costas e cinto con argolas de posición e punto ventral: (suspensión en cordas, rescate en altura) Reúne as características dos arneses anteriores incorporando ademais unha única argola ventral. O traballador está sentado no arnés. É utilizado para traballo en suspensión ou traballo en vertical. Recomendado para **traballos de poda**. A máis de 2 metros é necesaria a utilización simultánea dun dispositivo anticaídas.

TIPO DE E.P.I.	PROTECCIÓN TOTAL DO CORPO		
GRUPO DE E.P.I.	EQUIPOS DE PROTECCIÓN CONTRA AS CAÍDAS DE ALTURA	 	
			

SISTEMA ANTICAIDAS

Ao conxunto de equipos compatibles entre denomínaselle **sistema anticaídas** e cada un dos equipos que o forman é un compoñente do devandito sistema.



Como exemplos de compoñentes poden citarse, entre outros, os arneses anticaídas, os dispositivos anticaídas retráctiles e os conectores.

Cada compoñente está formado, a súa vez, por diferentes partes constituíntes as que se lles denomina elementos, entre outros, os cables, cordas e bandas, os elementos de enganche, os elementos de axuste e peche, os reguladores de lonxitude, os lastres e os tensores




DISPOSITIVO ANTICAÍDAS DESLIZANTE
SOBRE LIÑA DE ANCORAXE RÍXIDA



DISPOSITIVO ANTICAÍDAS DESLIZANTE
SOBRE LIÑA DE ANCORAXE FLEXIBLE



DISPOSITIVO ANTICAÍDAS RETRÁCTIL



ABSORBEDOR DE ENERXÍA CON
ELEMENTO DE AMARRE INCORPORADO




CONECTOR

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 02-15 Pág.4 de 5	SISTEMA ANTICAÍDAS

INSTRUCCIONES BÁSICAS DE USO

O arnés solo poderá ser utilizado por traballadores autorizados para realizar traballos en altura, considerados estes como aqueles traballos que se desenvolven cando os pés do traballador están a máis de 2 metros de altura.

As persoas que os utilicen deben ser instruídas antes do seu uso sobre as formas correctas de colocación e utilización. Antes de utilizar un arnés débese ler a información subministrada polo fabricante. 

A ficha do produto anticaídas debe ser a ferramenta máis importante do traballador para usalo correctamente e tamén para coñecer os límites de uso do produto.

O traballador non utilizará o equipo de protección anticaídas:

- Que no posúa o etiquetado, ou que este non sexa lexible.
- Que presente cortes, queimaduras ou esfiañados nas costuras.
- Que estea deformado ou desgastado e no que non sexa visible o marcado do produto.




En caso de dúbida, non utilice o equipo e comunique a incidencia.

Non manipule o equipo: non faga nós para acurtar as cordas ou elementos de amarre; non poña bridas para axustar o arnés, non corte ningunha cinta sobrannte pois as cintas do arnés teñen unha costura de seguridade grazas a un prego no extremo da cinta.

Se hai posibilidade de usar ancoraxes altos, úsense. De non poder usar ancoraxes altos, hai que tratar de usar elementos regulables (o que denominamos cordas cortas), para conseguir minimizar a altura de caída e por tanto a forza de choque.

NUNCA TRABALLE EN SOLITARIO debe haber alguén que poida dar a voz de alarma e no seu caso realizar o rescate en condicións de seguridade.

Distancia de seguridade: é a altura libre existente por debaixo da superficie de traballo. Na ficha do produto do elemento de amarre con absorbedor de enerxía virá reflectida a distancia mínima de seguridade necesaria. Coñeza esta distancia e téñaala en conta á hora de traballar en altura sobre todo nun factor de caída 1 ou 2.



Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 02-15 Páx. 5 de 5	SISTEMA ANTICAÍDAS

MANTEMENTO

O fabricante establece os criterios de inspección máis importantes, e da criterios para rexeitar o equipo se non superou algún punto da inspección.

É necesaria a revisión de todos os equipos anticaídas polo menos **unha vez ao ano**, ou cando estes se viran **involucrados nunha caída** ou se produciran **situacións especialmente exixentes** para os equipos (como traballos en temperaturas extremas ou expostos a axentes contaminantes, físicos ou químicos). A revisión realizarase por un **técnico competente e autorizado polo fabricante** do equipo.

O fabricante do equipo anticaídas, a través da ficha do produto, informa ao usuario ou propietario tamén da caducidade do equipo. Normalmente tomase a data de fabricación do equipo. Tense en conta tamén, a data da primeira utilización do equipo.

Os fabricantes adoitan establecer un período de vida útil do produto, tomando como referencia a data de fabricación. Para produtos téxtiles adoita ser entre 5 e 10 anos. Para produtos metálicos pode non haber unha caducidade preestablecida.

Outro criterio da caducidade é o de utilización polo usuario. Así, hai fabricantes que marcan por exemplo unha vida útil de cinco anos a partir do primeiro uso polo usuario do equipo en cuestión.

A data de fabricación do equipo estará visible na etiqueta do mesmo. Lembre que no etiquetado figura a data de fabricación, non a de caducidade.

O cinto de seguridade coidarase con esmero:

- Procurar que non reciba cortes ou rozaduras que poidan ser o principio dunha rotura do mesmo
- Sometelos a revisións periódicas para determinar o desgaste, corrosión e outros posibles defectos. Os cintos fabricados con material de coiro engraxaranse para evitar a aparición de gretas e perdas de elasticidade e flexibilidade.
- Límpalo sen empregar produtos agresivos químicos ou mecánicos
- Os cintos fabricados con fibras naturais ou sintéticas, limpanse con cepillos suaves para eliminar o po e restos de materiais adheridos. Unha vez cepillados lavaranse con xabón neutro ou deterxentes suaves, enxaugaranse e secanse ao aire, nunca ao sol ou estufa. De igual forma haberá que proceder si se molla por acción da choiva.
- Cando sufra os efectos dunha caída desde altura será retirado do servizo.
- Tamén perderá a súa función protectora si obsérvase rotura ou deformación dalgún elemento metálico, descosidos de costuras, cristalización e fragilidade das fibras.

As partes primordiais do mosquetón, tales como o resorte, rosca e pasador, deberán permanecer engraxados para evitar a aparición de óxidos.

REALIZADO	MODIFICADO
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 18/02/2015	Data:
M ^a José Montero Vilariño Carmen Álvarez González	